

Fronda

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 12

ano 2

setembro-outubro 2007

O Catastro de Ensenada (e IV)

LIBROS REAIS DE LEIGOS E ECLESIAÍSTICOS

Os coñecidos comunmente como **libros reais** do Catastro de Ensenada, poden aparecer baixo as denominacións de “libro de lo raíz”, “libro de lo real”, etc. O cualificativo “real” -derivado da palabra latina *realis* (que ten existencia efectiva), que deriva, á súa vez, de *res-rei, é dicir, “cousa”*-quere indicar que o libro recolle as utilidades derivadas de bens materiais, como terras, casas, gandos, rendas, etc.


De todos os documentos confeccionados para implantar a “Única Contribución”, estes libros eran os fundamentais xa que neles se rexistrou a **facenda de cada contribuínte**, información indispensable para establecer a carga impositiva que lle correspondería pagar.

Ao igual que no caso dos libros persoais, para cada unidade catastral elaboráronse por separado un libro real de **eclesiásticos** e un libro real de **leigos**. En ambos incluíronse os bens dos “forasteiros”, é dicir, os das persoas e institucións que, sen estar aveciñadas na localidade catastrada, posuían bens radicados nela. Poden aparecer nun apartado propio ou xunto ás declaracións dos veciños.

O documento deste número de *Fronda* e o libro real de leigos da freguesía de **San Lourenzo de Ponte Veiga** (O Carballiño).

O libro real comeza cun encabezamento, destacado con letra máis coidada e de maior tamaño, no que se identifica a unidade catastrada. De seguido indícase o lugar e a data de realización do documento, o nome do escribán, autoridades locais, cura párroco e funcionarios presentes, así como o dos veciños “peritos” que participaron na elaboración do libro.

As **declaracións dos “hacendados”** van ordenadas alfabeticamente polo nome de pía de cada un, se ben nalgúns libros, como este, agrúpanse previamente polos lugares ou aldeas de residencia dos veciños.



1753, Vilaríño de Pedro López, San Mamede da Canda (Piñor). Libro real de leigos da freguesía de San Lourenzo de Ponte Veiga (O Carballiño).

Orixinal; papel; escritura humanística; castelán; 543 fol.; 210 x 327 mm.

AHPOu, Real Intendencia de Galicia, L. 185.

A explotación agraria familiar

En cada asento do libro real, tras o nome e apelido do cabeza de familia, describíense os distintos **bens do contribuínte**:

- **Casa** ou casas con indicación dos seus andares, superficie, valor en aluguer e lindes.
- **Pezas de terra**, co seu emprazamento (paraxe, agro...), superficie, calidade, aproveitamento (horta, prado, “labradío”, monte...).

Ademais dos lindes de cada finca, na marxe esquerda do texto adoita figurar un debuxo do perímetro desta.

- **Gando**, enumerando o número de cabezas de cada especie, o seu sexo, se teñen crías e se se aproveitan en parceria.
- **Rendas** (foros, censos...) que gravan ás fincas declaradas e a quen se pagan, así como as que percibe o declarante e de quen.

A partir de todos estes datos é posible reconstruír a **explotación agropecuaria** de cada familia así como a superficie agraria e a cabana gandeira dun determinado territorio con datos máis precisos e fiables que os que aportan as “Respostas xerais”, pero sen esquecer que os libros reais, como calquera outra fonte fiscal, está afectada polo **fraude** e a ocultación.

A riqueza do clero


Nos **libros reais de eclesiásticos** asentáronse os bens, rendas e cargas dun heteroxéneo grupo de persoas (clero regular e secular) e institucións relixiosas ou vinculadas a estas (parroquias, capelanías, fundacións de misas, obras pías, confrarías, hospitais, colexios, etc.). Neles tamén se consignan os **tributos eclesiásticos** (décimo, primicias, voto de Santiago) e os dereitos xurisdiccionais exercidos polo clero.

Outras propiedades e ramo comercial-industrial

Ao final de cada libro real de leigos, e baixo o epígrafe de “**emolumentos del común**”, declaráronse os bens comunais radicados na entidade catastrada, de grande importancia na sociedade do Antigo Réxime. Entre estes, os máis valiosos para as comunidades rurais eran os **montes en mancomún**, recurso básico para as economías agrarias xa que podían servir de pasto para o gando, ademais de aportar estrume, leña, etc. Na cidade de Ourense ou en vilas como Allariz e baixo o epígrafe de “**bens de propios**” incluíronse neste apartado os bens de titularidade municipal, como cárcere, casa consistorial, escola, paneira, hospitais..., así como as terras que aportaban rendas coas que se cubrían os gastos do concello.

Entre os “emolumentos del común” tamén se enumeraron os establecementos que poñían os veciños ou a municipalidade como medio para recadar certos impostos, como as tabernas ou as carnizaría.

Igualmente se consignaron outros bens como **muíños, fornos de pan** etc. de uso colectivo e se informou da extensión das “**dehesas reales**”, plantíos de carballos pertencentes ao rei e que os súbditos de cada parroquia cultivaban coa fin de producir a madeira necesaria para os estaleiros da Real Armada.



Declaración de bens de Apolinario Lorenzo no libro real da freguesia de San Lourenzo de Ponte Veiga. AHPOU, Real Audiencia de Galicia, L. 185, fol. 3

Pero nos libros reais, ademais de expresarse o correspondente ao “ramo de lo real”, tamén se consignaron as utilidades ou rendementos económicos procedentes do **ramo comercial-industrial**: industrias, comercios, muíños, batáns, barcas, pesqueiras e demais actividades distintas da labranza. Ao final de cada libro incluíronse habitualmente as **listas de oficios** nas que se facía relación das “utilidades” percibidas nun día de traballo por cada veciño no exercicio desas actividades produtivas, indicando o número de días ao ano que se ocupaba nelas.